

## **SOBRE A PRESTACIÓN DE CONSENTIMENTO EN MENORES**

A Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (LAP) (<http://www.boe.es/boe/dias/2002/11/15/pdfs/A40126-40132.pdf>) regula o consentimento por representación no artigo 9.3. No apartado "C" refírese aos menores de idade e establece que, no caso de menores non capaces intelectual nin emocionalmente, é o representante legal o que ten que dar o seu consentimento tras "escoitar a súa opinión se ten doce anos cumpridos". Logo afirma que "cando se trate de menores non incapaces nin incapacitados, pero emancipados ou con dezaseis anos cumpridos, non cabe prestar o consentimento por representación". E continúa "sen embargo, en caso de actuación de grave risco, segundo o criterio do facultativo, os pais serán informados e a súa opinión será tida en conta para a toma da decisión correspondente".

En outubro de 2012 a Fiscalía General del Estado publicou unha circular para aclarar a interpretación e aplicación deste artigo da LAP en "conflictos ante transfusións de sangue e outras intervencións médicas en caso de menores de idade en caso de risco grave<sup>1</sup>". Aínda que a psicoloxía exerce habitualmente lonxe dos quirófanos non é tan infrecuente que haxa que tomar decisións en situacións de conflito no que están implicados menores cuxa saúde-psicolóxica ou física- está en grave risco. Por esta razón a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG quere difundir e propoñer unha reflexión sobre o documento da Fiscalía General del Estado.

O documento trata de resolver o conflito que se produce cando o criterio do menor con dezaseis anos cumpridos, o dos seus representantes legais e o dos profesionais que o atenden non coinciden. Pártese do recoñecemento dos intereses do menor e da autonomía das persoas como valores que esta sociedade acordou protexer. Sen embargo, en aqueles casos nos que estes valores entran en conflito coa vida a Fiscalía General del Estado se decanta por protexer esta, xa que se calquera intervención sobre a saúde dunha persoa -ou a non intervención- ten como resultado a morte, logo non hai lugar para exercer a autonomía, nin se pode considerar ningún interese do menor. "... non pode darse relevancia a decisións propias ou dos seus representantes legais cuxos resultados sexan a morte ou outros de carácter gravemente prexudicial e irreversible para a saúde do menor interesado. Só así poden preservarse as condicións do futuro exercicio da plena autonomía do suxeito.

A Fiscalía General del Estado prioriza o criterio profesional para valorar, tanto a capacidade do menor para decidir, como os riscos que entraña unha intervención -ou a súa ausencia- sobre a saúde. Desta maneira é o profesional o que decide se un menor ten ou non capacidade para consentir e se a situación entraña un risco suficiente como para que os pais sexan informados e a súa opinión considerada. Ademais, o criterio profesional segue prevalecendo se a decisión que adoptan os pais é contraria -segundo o profesional- á saúde do seu fillo.

Obviamente, estas limitacións á autonomía das persoas e ao dereito a decidir sobre si mesmo e sobre os fillos e fillas, xustifícase só se a saúde -psicolóxica ou física- está gravemente comprometida.

Desde un punto de vista legal o documento da Fiscalía General del Estado é enormemente clarificador. A cuestión que se plantexa dese unha perspectiva ética é: ¿O criterio profesional debe ter esta prioridade sobre valores tan importantes como o dereito das persoas a decidir sobre a súa propia vida? E se a resposta fora afirmativa ¿Qué fundamento debe esixirse a este criterio profesional?